

1856 - Centenario do Banquete de Conxo - 1956

**Primeiro Congreso da Emigración Galega
a realizarse en Bôs Aires
do 21 a o 31 de Xulio de 1956**

O Banquete de Conxo, baixo cuxo signo se fai o CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA, foi un dos primeiros actos de fonda repercusión na historia do movemento galego, que, como se sabe, comezou cos primeiros pasos organizados a fin de promover a emigración.

Manifesto

O historiador galego Francisco Lanza, no seu notabilísimo "Dix mil noventa e seis" refírese a este notabilísimo Banquete: "Aínda pouco coñecido o día 6 de Marzo do 1856 derradadamente se organizou que a do 2 de Agosto de 1856 a organización do Banquete de Conxo a cargo do Sr. D. Manuel de Argandoña, e a honra da crase da emigración e por consiguiente do movemento galego. Así como se refírese a dous anos de cada unha e actualizándose a organización de cada unha para facer máis efectiva a simbolización da (sic). Entre os seus membros figuraban Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre, que debían ser os seus exalibados que a Asociación da Galicia revolucionarios. Procurados Pondal e Aguirre, e de por máis da oposición do xefe de San-Jago, poderon librarse de ser un deportados da xenuas Marianas.

Temario

Regulamento



COMISION ORGAIZADORA
BELGRANO 2186
BUENOS AIRES

1856 - Centenario do Banquete de Conxo - 1956

Primeiro Congreso da Emigración Galega

a realizarse en Bés Aires
do 21 a 31 de Xullo de 1956

Manifesto

temario

Regulamento



COMISION ORGANIZADORA

BELGRANO 2186

Buenos Aires

O CENTENARIO DO MENTADO BANQUETE DE CONXO E O SEU PRECURSOR SINIFICADO NA HISTORIA POLITICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALIZA

O Banquete de Conxo, baixo cujo signo se fai o CONGRESO DA EMIGRACION GALEGA, foi un dos primeiras atos de fonda repercusión na historia do Rexurdimento galego, que, como se sabe, comenzou con pulos e propósitos craros e definidos, ao promediar a centuria XIX.

O historiógrafo Francisco Lanza, no seu notable libro "Dos mil nombres gallegos", refírese d'este xeito ao dito Banquete: "Aito púbrico efeutuado o día 6 de Marzal do 1856 (derradeiramente se comprobou que a data exacta é a do 2 do mesmo mes) na parroquia de Santa María de Conxo achegada a Sant-Iago. Foi orgaizado pol-as estudantes da Universidade en honor da crase traballadora e pra consagrar ideas democráticas. Asistiron un patrón e dous obreiros de cada oficio, e autuaron de camareiros os universitarios, que, para facer máis sinificativo o simbolismo, vestían de frac. Entre os estudantes figuraban Eduardo Pondal e Aurelio Aguirre, que botaron brindis de tonos exaltados que a Audencia da Cruña considerou como revolucionarios. Procesados Pondal e Aguirre, soio por mór da oposición do fiscal de Sant-Iago, poideron librarse de seren deportados ás insuas Marianas, pois ren menos que esa era a penalidade que se pedía pra íles. O Banquete de Conxo, pol-o seu sinificado, e pol-as derivaciós xudiciaes que tuvo,

foi moi comentado na prensa de Hespaña; e nos anaes políticos de Galiza, figura como a primeira manifestación das loitas sociaes do noso tempo”.

N’esta apremada noticia que tomamos de Lanza, fica non ostante, ben sinalado un dos acontecementos sociaes, políticos e patrióticos do século derradeiro máis transcendentaes da nosa Terra.

Entendéndoo así, o Consello de Galiza, na sua obriga de manter aceso o sentimento patriótico da galegidade, tivo a felis idea de que se fixera un dinu celebración do centenario do dito Banquete, e que acadara ampritude continental coa intervención das colectividades de galegos emigrados en América en fraterna xuntanza.

A ese efeuto, nomeou unha Comisión Organizadora, en Bós Aires, que ficou constituída así:

Presidente, don Manoel Puente; Vice-presidente, don Perfecto López; Segredario Xeral, don Francisco Regueira; pro-Segredario Xeral, don Xosé S. Neira-Vilas; Segredario de Organización, don Xosé B. Abraira; pro Segredario de Organización, don Antón Suárez do Pazo; Segredario de Actas, don Francisco Pazos; Tesoureiro, don Antón Alonso Pérez; pro-tesoureiro, don Manoel Martínez Lamela. Vocaes: don Segundo Pampillón, don Xosé Alfonso Reboreda, don Rodolfo Prada, don Cándido Rey, don Antonio Díaz, don Valeriano Saco.

La Comisión considerou como revolucionarios. Procedidos de un modo que non se podía paralizar. O Banquete de Comae, polo seu significado, e polo as circunstancias que trou-

MANIFESTO

AS COLECTIVIDADES GALEGAS DE AMÉRICA

O feito da emigración galega é un dos máis transcendentaes na historia da nosa Terra. Ao longo de máis dun século Galiza foi dando de si, ano a ano, importantes continxentes de poboación que se espallaban sober de todo, pol-as nacións da América. A importancia deste movemento ponse de releve no feito de que a concentración urbana máis numerosa de xente galega non se dá na Terra senón na Arxentina, en Bós Aires. Os continxentes demográficos galegos n-outras cidades ou países americanos son tamén fortes.

Esas moitedumes emigrantes non s’esfarelaron nas terras alleas, non se disolveron no novo ambiente perdendo a sua personalidade. Pola contra, ao tempo que axudaban a forxar e soerguer os novos pobos da América, gardaban moito das suas propias características colectivas, mantiñan o contacto entre si, sentíanse comunidade. Non certamente — e felismente — como corpos estranos e arredados dentro do organismo nacional en que vivían, mais si como elementos integrantes da sociedade á que aportaban seu legado de carauter, cultura, espírito e laboriosidade. D’outra banda, estas colectividades galegas teñen servido de vencello entre a vella Terra nai e a nova terra adoptiva comprindo así función de irmandade e coñecimento entre dous países lonxanos.

Non estará de máis recalcar este singular perfil da emigración galega. Insertase ela donadamente, sin brusquedad nin violencia na comunidade que a recibe (“o galego non foi a turbare ningunha inocencia” di, maxistralmente, Otero Pedrayo) como un regato que deitara

mainñamente as súas augas. E logo axéitase de contado á nova vida, ao novo meio, orixinando un mínimo de friccións, establecendo fíos de cordialidade, irmandade e convivencia sincera e fonda coa xente do país. I-elo - i-eiquí ven o intresante e cáseque o miragroso - sen desfacer e liquidar a súa condizón galega. Pra botar man d'unha comparación biolóxica poderíase dicir que as coleditvidades galegas na América son inxertos e non quistes. Dan e reciben, en armónica simbiosis, sin perder a súa personalidade mais sen convertirense en corpos estranos e, por iso, molestos e aínda perturbadores. Certo que n'outras comunidades de emigrantes danse tamén características somellantes: mais cáicas en ningunha como nas galegas se dea ese punto xusto de equilibrio entre o propio e o alleo, ou mellor entre o orixinario e o adoptivo.

A circunstancia de que as coleditvidades galegas na América tenan gardado a súa personalidade sen se perder e esmigalladas no novo meio social encerra considerable importancia. D'unha banda, porque permite ofrendar a nación onde vive os diferentes elementos integrantes do seu propio tesouro cultural —no mais amplo senso— enriquecendo o patrimonio espiritual coleditivo.

Estes novos pobos americanos, en etapa de crecemento —físico e cultural— amosttran, como é lóxico, unha forte tendencia asimiladora, precisan assimilar elementos de cultura —ao xeito dos orgaismos novos— para o desenrolo do seu propio ser. E toda contribución de boa lei e linaxe, valiosa e san, —como a nosa— beneficia ao país.

Mais d'outra banda, esa sólida permanencia das comunidades galegas, no estranxeiro ten tamén fondo senso e valor dende o punto de vista de Galiza. Ela ten feito que se poida falar de dúas Galizas: a unha e outra banda do Atrántico. Dúas Galizas xunxidas forte-

mente por unha alma e degaros comúns, pol-a concencia de pertescer a un pobo de fondas raigañas hestóricas e culturais, cun rexo entronque longo e nobre na cultura do Occidente; avencelladas entramal as dúas por unha especial conceición da realidade e da vida, pol-o sentimento inefabre e diferencial da saudade. Mais, tamén con enfoques ou tolladas diferentes, se aínda que non opostas, encol de certas cousas do vivir, olladas que se poden complementar e que enriquecitan o noso esprito coleditivo, a nosa aitude diante da vida, e que poden mellorar a nosa acción.

O fenómeno da emigración galega ten sido oixeto d'atención, dende diversos puntos de vista, pra os nosos pensadores, os nosos poetas, os nosos economistas, e sociólogos. Eisisten traballos valiosos que se adican a estudar o problema dende cada ángulo particular. O senso emotivo, as traxedias ou espranzas da emigración, latexan en moitos poemas nosos que recollen na fala do arte o que non é doado apreixar en termos de lóxica ou estadística. Aínda está por facer a bibliografía da emigración galega, labouira de primeira importancia pra chegar a un estudo esgotador do tema. Cando se chegue a cumprir esa tarefa necesaria haberáse de ver canto se ten xa matinado encol do tema e como os galegos de acó e de aló sentiron a necesidade de escrarecer este trascendental problema.

No intre en que hoxe estamos, semella imperativo intentar unha análise coleditiva do conxunto do fenómeno da nosa emigración. A labouira deica hoxe feita tivo caraute individual; tratábase de esforzos isolados de homes escolleitos que sentían necesidade de aventurarse na custión e facer nela toda a cruidade desexabre e posibre. Depois de un século longo en que este proceso se desenrola, é hora xa de detemos a eisaminalo de xeito integral n-unha asambreia onde se axunten represen-

tantes de todas ou das máis importantes comunidades galegas de América. Compre deterse un anaco no camiño percorrido, pra' examinar a situación actual, pra' erbesullar as correntes ou tendencias que latexan na nosa emigración e no posible, pra' crarexar os vieiros a seguir e os fitos a acadar. Eisamé de concencia colectiva que á luz do pasado, descubrindo os posibles erros ou acertos, permita correxir os uns, ratificar e aínda perfeizoar os outros. Nunha verba, tomar concencia do que temos feito, do que facemos e do que deberemos facer os galegos que andamos espallados por estas terras. Cal é a nosa misión, cales as nosas obrigas, cara a Galiza, cara as terras onde vivimos e aínda cara a humanidade enteira.

Por iso decidimos convocar este Congreso da Emigración Galega n' este ano de 1956. Coincidirá co centenario do "Banquete de Conxo" feito de fondo sinificado na historia do noso Rexurdimento. Naquel sonado banquete, estudantes e obreiros firmáronse afervoadamente baixo a dobre inspiración do amor á democracia e do amor a Galiza. As verbas ardidias do bardo Pondal e do poeta Aurelio Aguirre que resaron coma voces de profecía baixo a ramallada da vella carballeira e seguirán resbando arredao longo dos anos, serían recolleitas por xeneración tras xeneración de galegos, inspirando os seus esforzos a prol do avance e felicidade e liberdade da súa Terra. É axeitado poñer un Congreso da Emigración Galega baixo o signo do Banquete de Conxo porque no espírito dos que n' iste participaron bullían os ideacs que deben inspirar aos emigrantes galegos: a imandade antre a mente e o brazo, antre o intelectual e o traballador manual, o senso de igualdade human, o principio da liberdade democrática, o amor activo á Terra galega e a arela de vela ergueita e ceibe.

A emigración galega atópase hoxe nunha situación de encrucillada e, por eso, delicada. Non podemos seguir aos tombos sen sabere a xeito o que nos compre facer. Diante do mundo novo hai que saber tomar posición, hai que saber escoller. Con compracencia temos de reconecer que se, adevirte, derradeiramente, sobre todo nos máis importantes centros, un senso maior de responsabilidade do noso rol, máis sutil e crara concencia das nosas obrigas.

Isto é espranzador. Empresas culturais de outra categoría téñense encetado no seo das máis numerosas comunidades galegas de América. Novas e novas institucións rivalizan en dar axuda á nosa cultura, en orgaizar aitos, concursos, en crear editoriaes, emisións de radio ou publicar revistas, propiciar viaxes de esgrevias figuras da Terra, a cañón da súa xurdia labourea de mutualidade e asistencia. Seleitos grupos da intelectualidade e da vida pública dos países americanos avencellanse ás nosas actividades, enxerguen os nosos problemas, sinten as nosas inquedanzas.

Na nosa emigración estase arestora producindo un movemento auspicioso. Hai que intensificalo e melloralo cara a un luminoso porvir.

O Congreso deberá recoller as ideas e as arelas que andan no ar prasmándoas en fórmulas o máis concretas posibre pra que a emigración teña un guieiro pra a súa conduta no porvir. A Comisión Orgaizadora invita a total-as sociedades de emigrados galegos e a total-as comunidades galegas da América, a todol-os grupos galegos, a mandar os seus representantes a iste Congreso. Traguendo os seus puntos de vista pra que dun cordial intertroque antre os de todos poida chegarse a establecer, democráticamente, un programa de ideas e de acción pra os galegos que vivimos fora da Terra.

Coidamos que constitui unha obriga moral pra todos os emigrados dar axuda e colaborar n' este Congreso. A emigración galega ten chegado xa a un intre, na súa evolución, en que precisa tomar conciencia de si mesma e autodeterminar os seus rumbos: non pode seguir desorientada, desconcertada, hai que articular os esforzos pra d' estes outor o máisimo rendimento; hai que saber o que debemos percurar e como. Temos a esperanza de que este 1º Congreso da Emigración Galega representará un importante paso na empresa, cada vez máis urxente e ineludible, da estruturação da Galicia Emigrada.

Bos Aires, marzo de 1956

**MANOEL PUENTE, PEEFECTO LOPEZ,
FRANCISCO REGUEIRA, XOSÉ S. NEIRA
VILAS, XOSÉ B. ABRAIRA, ANTON SUAREZ
DO PAZO, FRANCISCO PAZOS, ANTON
ALONSO PEREZ, MANOEL MARINEZ LA-
MELA, SEGUNDO PAMPILLON, XOSÉ AL-
FONSO REBOREDA, RODOLFO PRADA, CAN-
DIDO REY, ANTON DIAZ, VALERIANO SACO.**

O Congreso debe recolectar ideas e as ideas que andan no ar para formular as fórmulas máis con- cretas posibles pra que a emigración teña un futuro prazable e construído no porvir. A Comisión Organizadora invita a todas as sociedades de emigrados galegos e a todas as comunidades galegas de América e a todos os grupos galegos que mandan as súas representacións a este Congreso. Trázanse os seus puntos de vista pra que se ganen coñecementos e experiencias entre todos e se poida chegar a establecer, democraticamente, un programa de ideas e de acción pra os galegos que vivimos fora de

TEMARIO

A. — O PASADO DA EMIGRACION GALEGA

(a) *Oríxens.* — Comenzo do fenómeno emigratorio. Causas. Emigración a Castela e a Andalucía. Emigración a América. Tipos de emigración galega inicial.

(b) *O desenvolto da emigración galega no século XIX.* — Centros de atracción dos emigrantes: Arxentina, Cuba, Uruguay, Brasil, etc. Razóns d' estas preferencias.

(c) *O emigrante galego do século pasado.* — Características psicolóxicas e sociolóxicas do noso emigrante (d' aquela época). Reación fronte ao medio americano. Aitude respecto á Terra.

(d) *As creacións do emigrante galego do século XIX.* — Mutualismo. Sociedades culturais e recreativas. Xornais e revistas. Empresas económicas.

B. — O PRESENTE DA EMIGRACION GALEGA

a) *Características xenerales.* — O emigrante actual. Razóns que o levan a emigrar. A súa aitude espíritoal. O problema económico. Reación diante o novo país. Avencellamento coa Terra.

(b) *Situación actual da emigración galega nas principais zonas de concentración:* Arxentina, Cuba, México, Estados Unidos, Venezuela. — Datos estadísticos sobre a poboación galega pra cada país: número de galegos residentes, actividades preferidas, "standard de vida".

— Labouira cooperativa dos galegos en cada país: Mutualista, Asistencia, axuda aos recién chegados.

— A labouira cultural de cada comunidade galega. Influxo no meio cultural do país. Figuras máis relevantes. Adición e intrínseca pola cultura galega. Institucións e órganos de cultura existentes. Axuda actual ás Institucións culturais da Terra.

— A labouira e importancia dos emigrantes galegos na economía de cada país. Empresas fundadas ou rexidas por galegos. Datos estadísticos. Sinifidade na economía do país. Innovacións ou aportes importantes debidos a galegos.

C. — O FUTURO DA EMIGRACION GALEGA. FITOS E CAMINOS

a) *O problema do emigrado galego.* — Convén promover ou restrinxir a emigración? Ventaxas e perxuízos. Organización da emigración. Intervención dos organismos do Estado: emigración dirixida. Intervención das entidades de emigrados. Rol que lles cabe na organización da emigración. Comenencia de non contar a libre determinación individual. Deben establecerse condicións mínimas pra emigrar? saúde, idade, capacitación, o emigrado, analfabeto. O emigrado sin preparación especial (oficio ou profesión). Incorporación do emigrado ao país en que se asenta; aspectos sociais e xurídicos; adquisición da cidadanía; o problema da dobre nacionalidade.

— *A axuda ao emigrante.* Rol das sociedades galegas de América na asistencia ao emigrado. Orientación e axuda ao emigrado que chega. Bolsas de traballo. Axuda económica ao emigrado sen a chego deica a que atope traballo. Asistencia médica gratuita perante o primeiro periodo sin necesidade de asociarse a unha mutualista. Axuda pra os que se repatrián.

— *A capacitación do emigrado.* Necesidade de incrementar a labora do ensino das sociedades galegas. Escolas, Centros de formación profesional (comercial e de oficios mecánicos) e artística. Plans prácticos pra elevar o nivel de capacitación do emigrado. O senso ético no emigrante. Tendencia ao afroxamento da sensibilidade moral. Necesidade de conservar os "standars" éticos da labora pedagógica pra conseguilo (conferencias, folletos, etc.).

1. b) *A emigración galega na vida social.* As sociedades mutualistas máximas creación de emigración galega. — Causas da sua creación. Significado do fenómeno, senso cooperativo do home galego. O cooperativismo tradicional galego como base do mutualismo galego na América. Influxo do mutualismo galego nas Sociedades americanas. Posibilidades de estender o campo de acción das mutualidades no orde sanitario, de beneficencia cultural e recreativa. Progresos feitos e progresos que cabe facer. Avencellamento entre as mutualistas galegas de cada país e as dos demais países. Intertroque de información

entre as mutualistas galegas de América.

O rol espiritual das mutualistas galegas vencello entre Galiza e as nacións americanas. Necesidade de fomentar o mútuo coñecemento. Organización de viaxes colectivos a Galiza. Promoción ou axuda pra o envío de grupos ou personalidades prestixiosas de América a Galiza pra mellor coñecemento de nosa Terra e pra dar a coñecer nela os valores americanos.

Influxo de América en Galiza a través dos emigrados. Contaito epistolar e contaito de visita: resultados. O influxo dos que tornan; introdución de novos estilos de vivir, novo xeito de encarar a realidade, o traballo, a cultura. Aspectos positivos e negativos de este influxo. Maneira de fomentar os primeiros e de contar os segundos.

Influxo de Galiza en América a través dos emigrados. O aporte galego as sociedades americanas: valor deste aporte no orde cultural, ético, social, económico. Os seus aspectos positivos e xeito de acrecentalos. Modo de arminar e de eliminar os seus aspectos negativos.

c) *A emigración galega na vida económica.* Influxo dos galegos no desenrolo económico dos países americanos. Rotas seguidas ou venturías que cabe seguir. Os galegos no agro, na industria, no comercio. Comenencia de adicar as actividades productoras, ventaxas pra o país e pra o emigrante. Os parigos das actividades económicas parasitarias (especulación, usura); e necesidades de manter ao noso emigrado arredado d'elas. Maneiras de bourentar economicamente ao emigrado.

A acción dos galegos emigrados cara á vida económica galega. Posibilidades de aitar n'ela. Dificultades, e maneiras de vencelas. Axuda do emigrado á economía familiar galega. Valor d'esta axuda e efectos na aitividade económica xeral. Ingreso en Galicia de capitales de emigrados.

Empresas fundadas por emigrados que volven. Axuda pra obras de interés xeral; comenencia e forma de dala.

A emigración galega e a cultura. — Os vencellos da emigración galega coa nosa cultura. O reflexo do fenómeno emigratorio na nosa literatura. A emigración a América e o Rexurdimento. Axuda a empresas culturais da Terra. Urxencia de acrecentar este tipo de axuda. As sociedades galegas e a nosa cultura; o que se ten feito e o que se podería facer. A axuda individual a empresas culturais galegas; necesidade de promover e ampliar a axuda de individuos ou pequenos grupos. As grandes empresas culturais cuxa realización se impón: A Historia de Galiza (en camiño de cumprirse), o Gran Diccionario Galego. Outras empresas.

Necesidade de fomentar o teatro galego. A axuda ás artes plásticas (concurso e exposicións). A axuda á música nosa (arquivos de música popular, concursos, coros, orquestras). O que se ten feito e o que se debe facer. A acción das sociedades galegas e a acción individual.

A difusión da cultura galega: diarios, revistas, editoriais, radio. **Importancia.** Orientación que deberían ter. **A emigración galega e a lingua galega.** Obriga de gardala e cultivala como herde, o máis valioso, da nosa cultura. **Actitude da emigración galega cara ás medidas de persecución** — aberta ou disimulada — da nosa lingua. Necesidade de crear crases elementaes e crases superiores de lingua e literatura galega na Terra e na América. **Rol da emigración.**

A emigración galega e as culturas nacionais americanas. **O aporte galego.** En qué medida pode axudar a emigración galega ao enriquecemento das culturas americanas. **Difusión dos nosos valores culturais nestes países.** Manoiras de levalo a cabo. **Estreitamento de vencellos con destacadas figuras e entidades culturais americanas.**

— Os congresistas que desexen presentar ponencias no Congreso deberán mandalas por escrito en forma que cheguen a mans da Comisión Organizadora oito días de antes do comezo do Congreso. Cada ponencia debe referirse a un número de palabras de un máximo de 1000.

REGULAMENTO

1. — Poderán participar como congresistas todas as sociedades galegas de América legalmente recoñecidas nos seus respectivos países. Cada sociedade terá un voto. Cada sociedade poderá mandar o número de representantes que desexe. Tamén poderán enviar representantes: revistas, periódicos, audicions radiales e editoriais, que terán voz e voto. Terán tamén voz e voto aquelas persoas que polos seus méritos ou pol-a súa labourea destacada na emigración aprolon os intereses espirituales e materiais de Galicia, sexan invitadas pol-a Comisión Organizadora. Nas mesmas condicións, serán aceptadas todas as ponencias que se reciban de quen non teñan o carácter de congresistas.

2. — O Congreso encetará cun acto de apertura ao que asistirán congresistas e invitados oficiais aitando como mesa a Comisión organizadora do Congreso. A seguido do acto oficial de apertura, o Congreso en pleno designará a mesa permanente que se compondrá de un presidente, un vice 1º e un vice 2º; dous segredarios titulares e dous suplentes, por votación de todos os membros con voto presentes. No mesmo acto designaránse os integrantes das diferentes comisións.

3. — Habberá as seguintes:
- a) De verificación de credencias
 - b) ordinaria pra o estudo dos temas incluídos na parte A) do Temario (Historia da emigración galega)
 - c) ordinaria pra o estudo dos temas do apartado B) (realidad presente da emigración galega)
 - d) ordinaria pra o estudo dos temas do apartado C) a) do Temario (O problema do emigrado galego)
 - e) ordinaria pra o estudo do apartado C) b) (a emigración galega na vida social)
 - f) ordinaria pra o estudo do apartado C) c) (vida económica)
 - g) ordinaria pra o estudo do apartado C) d) (Cultura).

respostas

4. — Os congresistas que desexen presentar poñencias no Congreso deberán mandal-a por escrito en forma que cheguen a mans da Comisión Orgaizadora oito días denantes do comenzo do Congreso. Cada poñencia debe referirse a un soio numeral do Temario. Non poderá exceder de un milleiro de verbas.

Copias das poñencias serán entregadas a todol-os congresistas, quenes poderán concurrir as sesións das comisións.

5. — Cada comisión desinará o seu presidente e secretario. O presidente dirixirá as deliberacións e o secretario levará aita das sesións.

Cada comisión estudiará poñencias recibidas que lle correspondan.

As poñencias trataranse polo orde do temario. Cada ponente defenderá nas repetitivas comisións a sua poñencia n'un máximo de cinco minutos.

Calquera dos congresistas presentes poderá falar sobre ela perante cinco minutos. O ponente terá outros cinco minutos pra resposta ao final da discusión da poñencia e a se-guido procederase a votan a fórmula que recolla o senso do tratado e que redactará a mesa. As conclusións aprobaranse por maioría simple dos presentes.

6. — Ademais das poñencias escritas poderán presentarse poñencias verbaes que se anunciarán aos presidentes en breve nota ao comenzo de cada sesión. A exposición de defensa de cada unha non poderá durar máis de cinco minutos.

7. — As conclusións de total-as comisións ordinarias serán enviadas á mesa xeral do Congreso. Este, en preno, tomará coñecimento das conclusións aprobadas pol-as comisións e procederá a votalas; poderá desbotar algunha d'elas por maioría dos presentes, máis non modificar ningunha nin engadir algunha nova.

8. — O Congreso finará cun gran aito de clausura no que se leerán as conclusións do mesmo. Esas conclusións serán comentadas na parte oratoria.

9. — As conclusións do Congreso serán publicadas, enviadas a todol-os congresistas, entidades, persoas interesadas, procedo darlles a maior difusión.